

ANUNCIO

Asunto: SEGUNDA PRÓRROGA DO NOMEAMENTO DA FUNCIONARIA INTERINA POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS SILVIA CASTELO FERNANDEZ

Faise público que con data 14.03.2025 ditouse a Resolución da Alcaldía núm. 253/2025 cuxa parte dispositiva, no que aquí interesa dispón:

“PRIMEIRO.- Prorrogar o nomeamento de Silvia Castelo Fernández como funcionaria interina en réxime de acumulación de tarefas coa finalidade de desempeñar temporalmente unha prazo do grupo: C, subgrupo: C2, escala: administración xeral, subescala: auxiliar, denominación: auxiliar administrativa, do 01.04.2025 ata o 15.06.2025, sen prexuízo de que con carácter previo se poida producir calquera outra causa de cese para persoal funcionario interino prevista nos artigos 24 da LEPGA e 10 do TREBEP.

SEGUNDO.- Requirir a Silvia Castelo Fernández para que asine unha dilixencia de prórroga do seu nomeamento.

TERCEIRO.- Contra a presente resolución que pon fin á vía administrativa poderá interpoñerse potestativamente o RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes, significándolle que se interpón o recurso de reposición non poderá interpoñer o recurso contencioso administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se teña producido a desestimación por silencio administrativo do recurso de reposición interposto. Transcorrido un mes desde a interposición do recurso potestativo de reposición sen que se lle teña notificado resolución expresa, entenderase desestimado por silencio administrativo e quedará expedita a vía contencioso-administrativa, podendo interpoñerse o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado Contencioso-administrativo de Ferrol, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución expresa do recurso de reposición, ou no prazo de seis meses, contados desde o día seguinte ao de aquel no que se teña producido a desestimación por silencio administrativo do recurso de reposición interposto. Non obstante, poderase impugnar directamente a resolución ante a orde xurisdiccional contencioso administrativa (artigo 123.1 da Lei 39/2015). A tal efecto, poderase interpoñer RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO, no prazo de dous meses, ante o Xulgado Contencioso— Administrativo de Ferrol, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.

Na súa relación con esta administración pública deberá ter en conta o previsto no artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas respecto da obrigabilidade para determinados suxeitos de relacionarse a través de medios electrónicos para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo. Os prazos cóntanse a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución na páxina web do concello.

CUARTO.- Publicar a prórroga do nomeamento no taboleiro e na web municipal e, asemade, trasladar o nomeamento aos departamentos de servizos sociais, intervención e persoal, á Xunta e Persoal e ao Comité de Empresa.”

En Fene, asinado dixitalmente o 17.03.2025 polo Sr. alcalde Juventino José Trigo Rey.